



## Portadas en PDF

Ver edición...

Edición  
ACTUALIZADA

Portada

Galicia

España

Mundo

Sociedad

Cultura

Ciencia y Tecnología

Deportes

Economía

## IMAGENES

Actualidad

Sociedad

Deportes

Infografías

## Ediciones

Pontevedra

Ourense

Arousa

O Morrazo

Deza - Tabeirós -  
Montes

## Secciones

Portada

Gran Vigo

Comarcas

Galicia

Opinión

España

Mundo

Sociedad y Cultura

Sucesos

Economía

Deportes

Humor

Última

Cartas

Agenda

## Servicios

Titulares

Mapa del Web

Buscadores

Encuestas

Foros

Chat

Webcams

El Tiempo

## SEGUNDA FEIRA

## Xosé María Álvarez Blázquez

**...a figura de Xosé María apresentou en vida un que o facía especialmente simpático de portas adentro da corporación: era o modelo perfecto do académico da Galega, ou sexa un académico exemplar | X. L. MÉNDEZ FERRÍN**

Non constutirá unha creba da reserva académica o divulgar que X.M. Álvarez Blázquez foi elexido por unanimidade a persoa á que lle vai Galicia consagrar o Día das Letras. Se cadra nesta coincidencia influise o feito de que, entre todos os méritos sobrados de vez para esta memoranza, a figura de Xosé María apresentou en vida un que o facía especialmente simpático de portas adentro da corporación: era o modelo perfecto do académico da Galega, ou sexa un académico exemplar. Unía a erudición coa verdadeira sabedoría; a facultade lírica coas dotes que lle permitían unha prosa musical, harmoniosa e transparente; a perspicacia na crítica literaria co rigor na investigación histórica e prehistórica; unha actividade editorial que abriu fronteiras no plano da planificación innovadora cunha visión do marketing do libro galego que levou este a ser lido por moitas máis persoas de que nunca fora na súa historia; unha oratoria didáctica, precisa e sinxela cunha conversa informal que raras veces deixaba de constituír lección maxistral. O texto da proposta de Xosé María A.B. para o Día das Letras Galegas (espero non ofender tampouco agora o sixilo académico) foi asinado por Luz Pozo Garza, Víctor Fernández Freixanes e Darío Xohán Cabana Ianes. O seu texto dá conta cabal da magnitude do vulto intelectual de X.M. Álvarez Blázquez e faime pensar en que aqueles que este ano van investigar e divulgar a obra do autor celebrado teñen un enorme traballo por diante. Porque el foi certamente un polígrafo, aínda que así mesmo persoa cordial, aberta e desprendida que andou pola vida a distribuír favores intelectuais e de todo tipo. Por cima, Xosé M. Álvarez Blázquez foi un galeguista do xénero dos que Castelao consideraba "inatacables aos ácidos e infusibles ao soplete".

Penso eu que a dedicación de X.M. Álvarez Blázquez á historia da cidade de Vigo e da Terra de Turonio vai dar lugar a unha nova atención proxectada sobre o noso autor desde o punto de vista dos estudos locais. Isto será sen dúbida mostra da vitalidade que éstos están a demostrar en todo o País que media entre o Miño e a Ría do Sul de Galicia, cuxa capital é Vigo. Do mesmo xeito que unha liña de investigación dirixida á familia literaria e artística dos Álvarez, fundada na segunda metade do século XIX por Emilio Álvarez Giménez, avó de Xosé María, poderá deitar luz sobre a historia cultural e literaria contemporánea. De min sei decerlles que fun iniciado á idade de quince anos na lectura dos poetas trobadores galegos da Idade Media pola lectura e estudo da Escolma de Poesía Galega I de Xosé M. Álvarez Blázquez, editada en Vigo por Galaxia e con prólogo de M. Rodrigues Lapa. Sempre lle estiven moi agradecido.

## SERVICIOS

- Enviar esta página
- Imprimir esta página
- Contactar

Anterior

Volver

Siguiente